- **A Policía Local do Concello de Ribeira tivo constancia do sinistro acontecido**, tal e como consta no **Parte de Servizo número 10200** emitido na data do accidente e que dispón o seguinte: ***"PARTE DE SERVICIO: Que personados en el lugar de Rúa Carreiro a la altura del nº 10 de Aguiño, encontramos al vehículo reseñado, parado al margen de la vía a pocos metros de una arqueta que se encuentra abierta y con la tapa dada la vuelta. Que según manifiesta el perjudicado, momentos antes pasa por encima de esta, sin percatarse que se encuentra abierta, colándose la rueda trasera derecha por el agujero, provocándole el pinchazo del neumático y la deformación de la llanta, de lo cual se deja constancia fotográfica. Asi mismo, enfrente al lugar de los hechos, hay un testigo en las inmediaciones (identificado aparte) que corrobora los hechos. Se destaca que en ese momento llueve de forma muy intensa, hechos que podrían haber desplazado la tapa de la arqueta. Se recoloca y se da aviso al servicio de emergencia de VIAQUA para que supervisen la arqueta, ya que parece haberse roto parte de la visagra de esta."***
No informe emitido na data **25/02/2025** como consecuencia da instrución do expediente, a Policía local ratifica o recollido no Parte de Servizo número 10200, precisando ademais que o condutor circulaba nese momento no sentido e forma regulamentaria, sen que conste negligencia algunha pola súa parte.
- O xerente da empresa Talleres Dacor Auto S.L., D. Ramón Dapena Cordo, emite certificado no que acredita que con data 22/05/2024 foi emitida a factura 336T por importe de 237,93 €, en relación ó vehículo marca Skoda Octavia propiedade de D. José Ramón Angueira Vez, que foi quen abonou o importe correspondente.

Dos informes referidos extraemos as seguintes conclusións:

- Que o día 04/05/2024 o Sr. Angueira Vez circulaba no seu vehículo con placas de matricula 1001GZP pola Rúa Carreiro, parroquia de Aguiño.
- Que na citada rúa, á altura do número 10, había unha tapa de saneamento que estaba aberta.
- Que o Sr. Angueira Vez pasou por enriba da tapa de saneamento que bateu contra o vehículo ocasionándolle danos na roda traseira dereita.



- Que non se ten constancia dunha conducta negligente por parte do condutor do automóbil.
- Que non existe causa de forza maior.

En consecuencia, e en atención ó informe emitido pola Policía Local, **enténdese que existe un nexo de causalidade directo, exclusivo e inmediato** entre o funcionamento do servizo municipal e os danos ocasionados ao vehículo con placas de matrícula 1001GZP, propiedade de D. José Ramón Angueira Vez.

Acreditada a existencia dunha relación de causalidade entre o dano sufrido e o funcionamento do servizo público correspondente ó abastecemento de auga potable e saneamento, cómpre facer fincapé na lexitimación do Concello de Ribeira contra o que se presenta a reclamación polos danos antes referidos, xa que, aínda que o devandito servizo constitúe unha competencia inequívoca dos Entes Locais, tal e como se recolle nos artigos 25.2 c) e 26.1 a) da Lei 7/1985, do 02 de abril, reguladora das bases de réxime local, modificada pola Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostenibilidade da Administración Local, conséntase que o mantemento do servizo, na data do accidente, competía á entidade VIAQUA Xestión Integral de Aguas de Galicia S.A.U., con NIF A66141185, como entidade concesionaria do mesmo.

Segundo dispón o artigo 196 da Lei 9/2017, do 08 de novembro, de Contratos do Sector Público, será obriga do contratista indemnizar todos os danos e prexuízos que se causen a terceiros como consecuencia das operacións que requira a execución do contrato. Cando tales danos e prexuízos foran ocasionados como consecuencia inmediata e directa dunha orde da Administración, será esta responsable dentro dos límites sinalados nas Leis. Tamén será a Administración responsable dos danos que se causen a terceiros como consecuencia dos vicios do proxecto no contrato de obras, sen prexuízo da posibilidade de repetir contra o redactor do proxecto de acordo co establecido no artigo 315, ou no contrato de subministro de fabricación. Os terceiros poderán requirir previamente, dentro do ano seguinte á produción do feito, ao órgano de contratación para que este, oído o contratista, informe sobre a cal das partes contratantes corresponde a responsabilidade dos danos. O exercicio desta facultade interrompe o prazo de prescrición das accións. A reclamación daqueles formularase, en todo caso, conforme ao procedemento establecido na lexislación aplicable a cada suposto.

Así mesmo, o contrato administrativo para a xestión, mediante concesión administrativa, dos servizos públicos de abastecemento de auga potable e saneamento do Concello de Ribeira, asinado na data 30/07/2010 entre o Concello de Ribeira e a entidade VIAQUA, dispón na súa cláusula 23 que o concesionario terá como principais obrigacións as seguintes: "(...) g) Indemnizar polos danos que se causen a terceiros polo normal ou anormal funcionamento dos servizos, a non ser que o dano sexa producido por causas imputables á Administración ou por forza maior". E a cláusula 46 do citado contrato dispón que o concesionario terá ao seu cargo as obras e instalacións municipais de abastecemento de auga potable e sumidoiro do Concello de Ribeira, sendo responsable do seu bo funcionamento e conservación.

En base ao referido, e sobre todo ao artigo 196 da Lei 9/2017, do 08 de novembro, de Contratos do Sector Público, a Administración ten o deber ineludible de pronunciarse sobre o responsable do dano.



A este respecto, e, como xa ten manifestado o órgano consultivo autonómico, serán dúas as canles ás que a Administración poderá recorrer para cumprir co seu deber de pronunciamento.

Unha primeira posibilidade é a da declaración terminante da responsabilidade do concesionario, declaración recollida nun acto administrativo e acompañada polo tanto do manto de protección que cobre a aqueles, así como posibilitando os mecanismos de impugnación oportunos para desvirtuar a súa eficacia. Esta vía esixe, non obstante, unha tramitación axeitada e, en particular, a debida audiencia do contratista, que se converte neste procedemento nun interesado de primeira orde ao serlle imputado o dano que motiva a reclamación.

Unha segunda alternativa, que se pode seguir á hora de resolver este tipo de reclamacións, é entender que en réxime de responsabilidade obxectiva e directa será a Administración que, de se dar os supostos de responsabilidade, deberá indemnizar ao lesionado, con independencia de que se, á vista do procedemento contradictorio tramitado, resultara ser o contratista ou concesionario o responsable, poida a Administración repetir contra ese posteriormente, coas pertinentes garantías e despois da tramitación dun incidente contradictorio, xa sen intervención do prexudicado.

No presente caso, na tramitación do expediente de responsabilidade patrimonial iniciado a instancia de D. José Ramón Angueira Vez, representado polo Sr. Francisco Javier Pena Penela, deuse audiencia á entidade concesionaria VIAQUA mediante Decreto da Alcaldía de data 23/04/2025, que foi notificado na data 23/04/2025, segundo consta no acuse de notificación telemática, polo que, en principio, podería entenderse que é perfectamente factible a posibilidade de seguir a primeira vía para a solución da controversia, declarando a responsabilidade da entidade concesionaria, de xeito que sería esta que debería asumir a indemnización do dano causado.

Sen embargo, no período de trámite de audiencia, a entidade Viaqua emite informe (rexistrado de entrada na data 28/04/2025 co número 202500009743), no que dispón o seguinte: ***“O mantemento da rede de saneamento municipal que discorre pola rúa Carreiro (parroquia de Aguiño) é competencia de VIAQUA, tratándose dun colector de formigón en masa de diámetro 400 mm. Na intersección entre a Estrada Xeral de Aguiño e dita rúa Carreiro arranca un colector de pluviais de PVC de diámetro 315 mm, que discorre paralelo a rede de saneamento obxecto desta reclamación. Sen embargo, a rede de saneamento nesta zona recibe moitas infiltracións de auga limpa, especialmente en períodos de choiva, como é o caso do día 4 de maio de 2025, cando se produciu o incidente. Estas infiltracións veñen dende augas arriba, tanto dende a rede de saneamento que baixa pola rúa Cruz como a que ven pola Estrada Xeral de Aguiño. Estes feitos provocan unha insuficiencia hidráulica no colector, a consecuencia da cal hai varias arquetas que poden rebosar provocando a apertura das tapas, como puido ser este caso, a pesar de que a mesma se encontraba en bo estado. Compre recordar que a pesar de realizar o mantemento preventivo por parte de VIAQUA da rede de saneamento municipal, estas actuacións non garantizan que se poidan producir reboses das redes en períodos de precipitacións a raíz da insuficiencia hidráulica do colector. (...)”***

Do citado informe, desprendese que o dano ocasionado ó reclamante podería terse producido por causas imputables a esta Administración (a concesionaria indica que a causa da apertura da tapa de saneamento é a insuficiencia hidráulica no colector), polo que **se entende que resulta mais prudente optar pola segunda vía para a resolución da**



reclamación, declarando a responsabilidade da Administración e asumindo esta o custo da indemnización, para posteriormente incoar expediente contradictorio á entidade concesionaria e repetir, de ser o caso, contra a mesma, xa sen intervención da persoa prexudicada.

Todo isto tamén en interese de que se facilite ó reclamante a súa intervención nesta controversia, dándolle unha resposta expresa por parte da Administración e solucionando sen mais demora a reclamación interposta.

Por todo o exposto, **visto** o informe xurídico con proposta de resolución emitido ao respecto pola Técnico de Administración Xeral, María Sieira Ríos, de data 28/05/2025, e **visto** o informe do Interventor Municipal, Pablo Bao Castro, de data 28/05/2025, **A XUNTA DE GOBERNO LOCAL**, por unanimidade dos presentes, **ACORDA**:

PRIMEIRO.- Estimar a reclamación de responsabilidade patrimonial interposta por D. Francisco Javier Pena Penela, en nome e representación de D. José Ramón Angueira Vez, polas causas e fundamentacións expostas nos parágrafos precedentes, e recoñecerlle o dereito a unha indemnización de 237,93 € mais os xuros que legalmente procedan.

O abono da indemnización asumirase polo Concello de Ribeira, xa que o seguro de responsabilidade civil subscrito polo Concello coa entidade Mapfre non abarca os danos ocasionados a terceiros cando son consecuencia dun servizo público que se presta a través dunha entidade concesionaria.

SEGUNDO.- Dar traslado da resolución deste expediente ó órgano municipal competente para incoar o oportuno expediente contradictorio á entidade VIAQUA, en calidade de entidade concesionaria do servizo público de abastecemento de auga potable e saneamento do Concello de Ribeira, e repetir, de ser o caso, contra a mesma, o custo da indemnización aboada por este Concello como consecuencia da resolución da reclamación interposta por D. José Ramón Angueira Vez.

32.- VAO PERMANENTE – Benita González Olveira

VAO PERMANENTE – Benita González Olveira

Visto o escrito presentado por **Benita González Olveira**, de data 12/05/2025 (Registro de entrada nº 10.802), no que solicita unha praca de vao permanente para instalar na entrada ao garaxe do inmovible situado na Rúa do Norte, nº 42 (Palmeira).

A Xunta de Goberno Local, visto o informe de data 28/05/2025 emitido en sentido favorable pola Policía Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

- Conceder a Benita González Olveira**, autorización para a instalación dunha praca de vao permanente (3,00 m.) para instalar na entrada ao garaxe do inmovible situado na Rúa do Norte, nº 42 (Palmeira), con reforzo de marca vial lonxitudinal continua amarela, según o sinalado no citado informe policial.
- Deberá presentarse na Oficina de Atención Cidadá (OAC), sita na Casa Consistorial, co obxecto de facerlle entrega da praca de vao permanente, co correspondente número de licenza municipal, para que proceda á súa colocación en lugar visible.



- De ser o caso, con carácter xeral e como condición de obrigado cumprimento para a concesión de vao permanente, os costes derivados do rebaixe do bordillo da beirarrúa ou a colocación/retirada dunha rampla de acceso deberán ser a costa do solicitante.

33.- SOLICITUDE REUBICACIÓN E FIXACIÓN BOLARDOS NA RÚA PERÚ - C. P. Perú, 13

SOLICITUDE REUBICACIÓN E FIXACIÓN BOLARDOS NA RÚA PERÚ - C. P. Perú, 13

Visto o escrito presentado por Mónica Couto Coucheiro en representación da **Comunidade de Propietarios Perú, 13**, de data 16/05/2025 (Rexistro de entrada nº 11.306), no que solicita que se solucione un problema de acceso ao inmovible situado na Rúa Perú, nº 13 (Ribeira), debido a uns bolardos (bloques de pedra) que foron desprazados da súa ubicación orixinal para poder estacionar vehículos.

Visto o informe emitido ao respecto pola Policía Local, de data 28/05/2025.

A **Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda** non aprobar a reubicación orixinal dos bolardos (bloques de pedra), así como á súa fixación,.

34.- SOLICITUDE AUTORIZACIÓN PARA EVENTO MUSICAL EN LOCAL DE HOSTALERÍA – Verónica Elena Nogueira Carrera (O DA RUBIA)

SOLICITUDE AUTORIZACIÓN PARA EVENTO MUSICAL EN LOCAL DE HOSTALERÍA – Verónica Elena Nogueira Carrera (O DA RUBIA)

VISTO o escrito presentado por **Verónica Elena Nogueira Carrera** en representación establecemento “Café Bar O da Rubia” (Ribeira), de data 26/05/2025 (Rexistro de entrada nº 12.048), no que solicita permiso para evento musical no establecemento hostaleiro “Café Bar O da Rubia” (Ribeira), todos os venres do mes de xuño de 2025, en horario de 21:00 h. ata consideración municipal.

A **Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

PRIMEIRO.- Conceder autorización a **Verónica Elena Nogueira Carrera**, para evento musical no establecemento hostaleiro “Café Bar O da Rubia” (Ribeira), todos os venres do mes de xuño de 2025, en horario de **21:00 h. a 00:00 h.**

SEGUNDO.- Durante a celebración do evento a persoa responsable, xa sexa solicitante, representante ou promotor/a de “Café Bar O da Rubia” (Ribeira) (**Verónica Elena Nogueira Carrera**), deberá estar localizado en todo momento para o cal deberá facilitárselle á policía local un número de teléfono de contacto coa finalidade de poder localizar en todo momento á persoa responsable.

TERCEIRO.- Deberase respetar o aforo máximo permitido, data e hora de celebración, e que se cumpren as medidas de seguridade, salubridade ornato público, garantindo o cumprimento dos valores límite de inmisión de ruído aplicable con respecto ao espazo público anexo e ás vivendas próximas, debendo respetar en todo caso:



- O artigo 7 da Ordenanza Municipal Reguladora das Terrazas e Quioscos de Hostalería do Concello de Ribeira, ao referirse á limitación de niveis de transmisión sonora, o seguinte: “O funcionamento das instalacións reguladas nesta ordenanza, tanto en solo público como privado, deberá respectar os límites de ruído en vivendas e locais próximos previstos na normativa aplicable.”
- O artigo 24 do Real Decreto 1367/2007, de 19 de outubro, polo que se desenvolve a Lei 37/2003, de 17 de novembro, do Ruído, no referente a zonificación acústica, obxectivos de calidade e emisións acústicas, ao referirse aos valores límite de inmisión de ruído aplicables a novas infraestruturas portuarias e a novas actividades, o seguinte: “1. Toda nova instalación, establecemento ou actividade portuaria, industrial, comercial, de almacenamento, deportivo-recreativa ou de ocio deberá adoptar as medidas necesarias para que non transmita ao medio ambiente exterior das correspondentes áreas acústicas niveis de ruído superiores aos establecidos como valores límite na táboa B1, del anexo III, avaliados conforme aos procedimientos do anexo IV. (...)”
- O artigo 18 da Ordenanza Municipal Reguladora das Terrazas e Quioscos de Hostalería, ao referirse á prohibición de equipos audiovisuais e actuacións amplificadas en directo, o seguinte: “Poderá haber actuacións en directo nas terrazas ata as 23.30 da noite. As actuacións en directo amplificadas ou con percusión, así como a instalación de equipos audiovisuais ou a emisión de son ou vídeo nos espazos e instalacións da terraza deberán contar con la preceptiva autorización municipal.”
- O artigo 23 da Ordenanza Municipal Reguladora das Terrazas e Quioscos de Hostalería, ao referirse a prohibición de equipos audiovisuais e actuacións, o seguinte: “Quedan terminantemente prohibidas as actuacións en directo amplificadas ou con percusión, así como a instalación de equipos audiovisuais ou a emisión de son ou vídeo no interior do pechamento estable.”

CUARTO.- Notificar asimesmo a presente resolución ao Inspector Xefe da Policía Local de Ribeira para que teña coñecemento e realice unha vixilancia e seguimento de dita orde, e garantir o cumprimento do anterior e da restante normativa vixente así como a convivencia pacífica na zona.

QUINTO.- As actividades teñen carácter operativo, o que condiciona o funcionamento das mesmas, e unha vez autorizadas orixinan unha relación continua entre o suxeito autorizado e a Administración municipal, en virtude da cal esta pode intervir en todo momento e acordar as medidas técnicas que sexan precisas para que as actividades se axusten ás esixencias de interese público, condición sempre implícita neste tipo de autorizacións.

SEXTO.- Asimesmo as actividades autorizadas:

- *So producirán efectos entre o Concello e o titular da actividade, sen alterar as relacións xurídicas privadas entre este e terceiras persoas.*
- *Enténdese outorgadas a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.*
- *Non poden ser invocadas para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que puideran incorrer os seus titulares.*
- *Por outro lado, os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán destinalos aos usos permitidos polo planeamento urbanístico e mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e*



habitabilidade segundo o seu destino, e con arranxo ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.

SÉTIMO.- Se os técnicos do Departamento de Urbanismo do Concello de Ribeira encargados da inspección e vixilancia do correcto exercicio da actividade aprécianse desviacións na execución da mesma respecto ás condicións impostas polos técnicos municipais, procederase a inmediata paralización da actividade, sen prexuízo de incoar expediente de reposición da legalidade urbanística.

35.- SOLICITUDE AUTORIZACIÓN PARA EVENTO MUSICAL EN EXTERIOR DE LOCAL DE HOSTALERÍA – Tania Redondo Fernández (BALDOMERO)

SOLICITUDE AUTORIZACIÓN PARA EVENTO MUSICAL EN EXTERIOR DE LOCAL DE HOSTALERÍA – Tania Redondo Fernández (BALDOMERO)

VISTO o escrito presentado por **Tania Redondo Fernández** en representación establecemento “Bar Baldomero” (Palmeira), de data 26/05/2025 (Rexistro de entrada nº 12.050), no que solicita permiso para evento musical no exterior do establecemento hostaleiro “Bar Baldomero” (Palmeira), o todos os venres e sábados do mes de xuño de 2025.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

PRIMEIRO.- Conceder autorización a Tania Redondo Fernández, para evento musical no establecemento hostaleiro “Bar Baldomero” (Palmeira), o todos os venres e sábados do mes de xuño de 2025, en horario de **20:00 h. a 00:00 h.**

SEGUNDO.- Durante a celebración do evento a persoa responsable, xa sexa solicitante, representante ou promotor/a de “Bar Baldomero” (Palmeira) (Tania Redondo Fernández), deberá estar localizado en todo momento para o cal **deberá facilitárselle á policía local un número de teléfono de contacto** coa finalidade de poder localizar en todo momento á persoa responsable.

TERCEIRO.- Deberase respetar o aforo máximo permitido, data e hora de celebración, e que se cumpren as medidas de seguridade, salubridade ornato público, garantindo o cumprimento dos valores límite de inmisión de ruído aplicable con respecto ao espazo público anexo e ás vivendas próximas, debendo respetar en todo caso:

- *O artigo 7 da Ordenanza Municipal Reguladora das Terrazas e Quioscos de Hostalería do Concello de Ribeira, ao referirse á limitación de niveis de transmisión sonora, o seguinte: “O funcionamento das instalacións reguladas nesta ordenanza, tanto en solo público como privado, deberá respectar os límites de ruído en vivendas e locais próximos previstos na normativa aplicable.”*
- *O artigo 24 do Real Decreto 1367/2007, de 19 de outubro, polo que se desenvolve a Lei 37/2003, de 17 de novembro, do Ruído, no referente a zonificación acústica, obxectivos de calidade e emisións acústicas, ao referirse aos valores límite de inmisión de ruído aplicables a novas infraestruturas portuarias e a novas actividades, o seguinte: “1. Toda nova instalación, establecemento ou actividade portuaria, industrial, comercial, de almacenamento, deportivo-recreativa ou de ocio deberá adoptar as medidas necesarias para que non transmita ao medio ambiente exterior das correspondentes áreas acústicas niveis de ruído superiores aos*



establecidos como valores límite na táboa B1, del anexo III, avaliados conforme aos
procedementos do anexo IV. (...)”

- O artigo 18 da Ordenanza Municipal Reguladora das Terrazas e Quioscos de Hostalería, ao referirse á prohibición de equipos audiovisuais e actuacións amplificadas en directo, o seguinte: “Poderá haber actuacións en directo nas terrazas ata as 23.30 da noite. As actuacións en directo amplificadas ou con percusión, así como a instalación de equipos audiovisuais ou a emisión de son ou vídeo nos espazos e instalacións da terraza deberán contar con la preceptiva autorización municipal.”
- O artigo 23 da Ordenanza Municipal Reguladora das Terrazas e Quioscos de Hostalería, ao referirse a prohibición de equipos audiovisuais e actuacións, o seguinte: “Quedan terminantemente prohibidas as actuacións en directo amplificadas ou con percusión, así como a instalación de equipos audiovisuais ou a emisión de son ou vídeo no interior do pechamento estable.”

CUARTO.- Notificar asimesmo a presente resolución ao Inspector Xefe da Policía Local de Ribeira para que teña coñecemento e realice unha vixilancia e seguimento de dita orde, e garantir o cumprimento do anterior e da restante normativa vixente así como a convivencia pacífica na zona.

QUINTO.- As actividades teñen carácter operativo, o que condiciona o funcionamento das mesmas, e unha vez autorizadas orixinan unha relación continua entre o suxeito autorizado e a Administración municipal, en virtude da cal esta pode intervir en todo momento e acordar as medidas técnicas que sexan precisas para que as actividades se axusten ás esixencias de interese público, condición sempre implícita neste tipo de autorizacións.

SEXTO.- Asimesmo as actividades autorizadas:

- *So producirán efectos entre o Concello e o titular da actividade, sen alterar as relacións xurídicas privadas entre este e terceiras persoas.*
- *Enténdese outorgadas a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.*
- *Non poden ser invocadas para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que puideran incurrir os seus titulares.*
- *Por outro lado, os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán destinalos aos usos permitidos polo planeamento urbanístico e mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino, e con arranxo ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.*

SÉTIMO.- Se os técnicos do Departamento de Urbanismo do Concello de Ribeira encargados da inspección e vixilancia do correcto exercicio da actividade aprécianse desviacións na execución da mesma respecto ás condicións impostas polos técnicos municipais, procederase a inmediata paralización da actividade, sen prexuízo de incoar expediente de reposición da legalidade urbanística.

36.- PAGO PREMIO X EDICIÓN DO CONCURSO DE NOVELA CURTA “CIDADE CENTENARIA DE RIBEIRA”



PAGO PREMIO X EDICIÓN DO CONCURSO DE NOVELA CURTA “CIDADE CENTENARIA DE RIBEIRA”

Vista a proposta da Concelleira Delegada de Cultura, Antía Alberte Maneiro, de data 30/05/2025, relativa ao pago do premio X Edición do Concurso Internacional de Novela Curta “Cidade Centenaria de Ribeira”, e na que expón:

“O pasado 23 de marzo de 2025 rematou o prazo de participación na X Edición do Concurso Internacional de Novela Curta “Cidade Centenaria de Ribeira”, ao que se presentaron un total de 20 obras literarias.

Reunido o xurado en sesión de data 29/5/2025, este decide que a obra gañadora sexa “O lado nobre do corazón”, traballo presentado baixo o pseudónimo “Miss Carrusel” e do que, aberta a plica, resulta ser autora Irene Lourido Loureiro.

Segundo consta na acta do xurado o fallo do xurado e a entrega do premio farase público o vindeiro día 6 de xuño ás 13:00 h no Salón de Plenos da Casa Consistorial.

De conformidade co establecido nas bases deste concurso, no apartado 10.- O Xurado terá todas as facultades para a decisión do premio, que non quedará deserto. (...) A decisión do xurado proporase á XGL de Ribeira, órgano que tomará acordo e cuxa resolución porá fin á vía administrativa. A presentación a este concurso non xera dereito ningún ata a decisión do xurado e a aprobación pola XGL.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

- Aprobar o dereito a recibir o premio desta edición, por importe de 3.000,00 €, a favor de **Irene Lourido Loureiro, titular do DNI núm. ***214*****
- Rematadas as funcións do xurado, proceder ao pagamento do importe de 200,00 € para cada un dos membros do xurado que non forman parte do persoal municipal de Ribeira, ALBA GUZMÁN FALCÓN, MANUEL ESTEBAN DOMÍNGUEZ e MARÍA XESÚS BLANCO LÓPEZ, en concepto de contraprestación polo seu servizo como xurado neste certame, segundo o decreto resolución de alcaldía asinado en data 14/04/2025.

37.- SOLICITUDE COLABORACIÓN MUNICIPAL PARA A CELEBRACIÓN DA “MUIÑADA DE AMENDO” (CARREIRA) – Asociación Veciñal, Cultural e Prestadora de Servizos á Mocidade de Carreira

SOLICITUDE COLABORACIÓN MUNICIPAL PARA A CELEBRACIÓN DA “MUIÑADA DE AMENDO” (CARREIRA) – Asociación Veciñal, Cultural e Prestadora de Servizos á Mocidade de Carreira

Visto o escrito presentado por María Ventura Sampedro Rego en representación da **Asociación Veciñal, Cultural e Prestadora de Servizos á Mocidade de Carreira**, de data 29/05/2025 (Rexistro de entrada nº 12.452), no que solicita colaboración municipal (2 Wc portátiles e 2 contedores RSU) para a celebración da “Muiñada de Amendo” nas inmediacións dos Muíños de Amendo (Carreira), o día 28/06/2025.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:



- Autorizar a celebración da “Muiñada de Amendo” nas inmediacións dos Muíños de Amendo (Carreira), o día 28/06/2024, sen prexuízo das preceptivas autorizacións concedidas pola Xunta de Galicia.
- Prestar a colaboración municipal no relativo á aportación de dous contedores RSU e dou Wc portátiles.
- Dar traslado deste acordo á Policía Local para o seu coñecemento

38.- PROPOSTA DE PAGAMENTO DE SUBVENCÍONS PARA A PROMOCIÓN DE PROXECTOS DESENVOLVIDOS NA ÁREA DE ACTIVIDADES CULTURAIS DO EXERCICIO 2024

PROPOSTA DE PAGAMENTO DE SUBVENCÍONS PARA A PROMOCIÓN DE PROXECTOS DESENVOLVIDOS NA ÁREA DE ACTIVIDADES CULTURAIS DO EXERCICIO 2024

Vista a proposta de Antía Alberte Maneiro, na súa condición de Presidenta da Comisión Avaliadora e Concelleira delegada de Cultura de Ribeira, de data 30/05/2025, relativa ao pagamento de subvencións para a promoción de proxectos desenvolvidos na área de actividades culturais do exercicio 2024, e na que expón:

“

1. **Aprobado pola Xunta de Goberno Local**, en sesión ordinaria de 06 de marzo de 2025, a **concesión de subvencións para a promoción de proxectos desenvolvidos na área de actividades culturais do exercicio 2024**, conforme as bases da convocatoria xerais da Ordenanza reguladora de subvencións dirixidas a entidades sen ánimo de lucro (BOP nº100 de data 29/05/2018) e extracto da convocatoria publicado no BOP núm. 229 de data 27/11/2024.
2. **Practicada notificación aos beneficiarios** desta concesión de subvencións de conformidade co apartado 6.-*Xustificación e pagamento* da Ordenanza reguladora das subvencións dirixidas a entidades sen ánimo de lucro (BOP nº 100, de 29/5/2018).
3. **Examinada a documentación xustificativa de gasto e pago** presentada polas entidades beneficiarias desta convocatoria, a Comisión Avaliadora emite Informe que é asinada polos seus membros na data que consta na sinatura dixital 29 e 30 de maio de 2025.
4. **Engádesse ao expediente** Informe Favorable do Sr. Interventor Municipal de data 30 de maio de 2025.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda** aprobar o pagamento da subvención aos beneficiarios destas axudas.

39.- SOLICITUDE AUTORIZACIÓN PARA EVENTO MUSICAL EN EXTERIOR DE LOCAL DE HOSTALERÍA – Beatriz Doval Saíñas (Playa Mosqueiros)

SOLICITUDE AUTORIZACIÓN PARA EVENTO MUSICAL EN EXTERIOR DE LOCAL DE HOSTALERÍA – Beatriz Doval Saíñas (Playa Mosqueiros)

VISTO o escrito presentado por **Beatriz Doval Saíñas** en representación establecemento



“Chiringuito Playa Mosqueiros” (Castiñeiras), de data 02/05/2025 (Rexistro de entrada nº 12.799), no que solicita permiso para evento musical no exterior do establecemento hostaleiro “Chiringuito Playa Mosqueiros” (Castiñeiras), o día 06/06/2025, en horario de 21:00 h. a 23:00 h.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

PRIMEIRO.- Conceder autorización a Beatriz Doval Saíñas, para evento musical no establecemento hostaleiro “Chiringuito Playa Mosqueiros” (Castiñeiras), o día 06/06/2025, en horario de 21:00 h. a 23:00 h.

SEGUNDO.- Durante a celebración do evento a persoa responsable, xa sexa solicitante, representante ou promotor/a de “Chiringuito Playa Mosqueiros” (Castiñeiras) (Beatriz Doval Saíñas), deberá estar localizado en todo momento para o cal deberá facilitárselle á policía local un número de teléfono de contacto coa finalidade de poder localizar en todo momento á persoa responsable.

TERCEIRO.- Deberase respetar o aforo máximo permitido, data e hora de celebración, e que se cumplan as medidas de seguridade, salubridade ornato público, garantindo o cumprimento dos valores límite de inmisión de ruído aplicable con respecto ao espazo público anexo e ás vivendas próximas, debendo respetar en todo caso:

- *O artigo 7 da Ordenanza Municipal Reguladora das Terrazas e Quioscos de Hostalería do Concello de Ribeira, ao referirse á limitación de niveis de transmisión sonora, o seguinte: “O funcionamento das instalacións reguladas nesta ordenanza, tanto en solo público como privado, deberá respetar os límites de ruído en vivendas e locais próximos previstos na normativa aplicable.”*
- *O artigo 24 do Real Decreto 1367/2007, de 19 de outubro, polo que se desenvolve a Lei 37/2003, de 17 de novembro, do Ruído, no referente a zonificación acústica, obxectivos de calidade e emisións acústicas, ao referirse aos valores límite de inmisión de ruído aplicables a novas infraestruturas portuarias e a novas actividades, o seguinte: “1. Toda nova instalación, establecemento ou actividade portuaria, industrial, comercial, de almacenamento, deportivo-recreativa ou de ocio deberá adoptar as medidas necesarias para que non transmita ao medio ambiente exterior das correspondentes áreas acústicas niveis de ruído superiores aos establecidos como valores límite na táboa B1, del anexo III, avaliados conforme aos procedementos do anexo IV. (...)”*
- *O artigo 18 da Ordenanza Municipal Reguladora das Terrazas e Quioscos de Hostalería, ao referirse á prohibición de equipos audiovisuais e actuacións amplificadas en directo, o seguinte: “Poderá haber actuacións en directo nas terrazas ata as 23.30 da noite. As actuacións en directo amplificadas ou con percusión, así como a instalación de equipos audiovisuais ou a emisión de son ou vídeo nos espazos e instalacións da terraza deberán contar con la preceptiva autorización municipal.”*
- *O artigo 23 da Ordenanza Municipal Reguladora das Terrazas e Quioscos de Hostalería, ao referirse a prohibición de equipos audiovisuais e actuacións, o seguinte: “Quedan terminantemente prohibidas as actuacións en directo amplificadas ou con percusión, así como a instalación de equipos audiovisuais ou a emisión de son ou vídeo no interior do pechamento estable.”*

CUARTO.- Notificar asimesmo a presente resolución ao Inspector Xefe da Policía Local de



Ribeira para que teña coñecemento e realice unha vixilancia e seguimento de dita orde, e garantir o cumprimento do anterior e da restante normativa vixente así como a convivencia pacífica na zona.

QUINTO.- As actividades teñen carácter operativo, o que condiciona o funcionamento das mesmas, e unha vez autorizadas orixinan unha relación continua entre o suxeito autorizado e a Administración municipal, en virtude da cal esta pode intervir en todo momento e acordar as medidas técnicas que sexan precisas para que as actividades se axusten ás esixencias de interese público, condición sempre implícita neste tipo de autorizacións.

SEXTO.- Asimesmo as actividades autorizadas:

- *So producirán efectos entre o Concello e o titular da actividade, sen alterar as relacións xurídicas privadas entre este e terceiras persoas.*
- *Enténdese outorgadas a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.*
- *Non poden ser invocadas para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que puideran incorrer os seus titulares.*
- *Por outro lado, os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán destinalos aos usos permitidos polo planeamento urbanístico e mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino, e con arranxo ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.*

SÉTIMO.- Se os técnicos do Departamento de Urbanismo do Concello de Ribeira encargados da inspección e vixilancia do correcto exercicio da actividade aprécianse desviacións na execución da mesma respecto ás condicións impostas polos técnicos municipais, procederase a inmediata paralización da actividade, sen prexuízo de incoar expediente de reposición da legalidade urbanística.

40.- RESOLUCIÓN EN RELACIÓN A CONCESIÓN/RENOVACIÓN POLA QUE SE AUTORIZA A OCUPACIÓN TEMPORAL NA ZONA DE RECHEO PORTUARIO PARA EXERCER A VENDA AMBULANTE NAS SÚAS DISTINTAS MODALIDADES

RESOLUCIÓN EN RELACIÓN A CONCESIÓN/RENOVACIÓN POLA QUE SE AUTORIZA A OCUPACIÓN TEMPORAL NA ZONA DE RECHEO PORTUARIO PARA EXERCER A VENDA AMBULANTE NAS SÚAS DISTINTAS MODALIDADES

FINALIDADE DA LICENZA DE VENDA AMBULANTE: Ocupación temporal no mercado periódico que se celebra os sábados na zona Portuaria do Concello.

CLASIFICACIÓN DO SOLO: Solo Urbano Ordenanza 9.1 Sistema Xeral Portuario.

Visto o expediente de referencia e tendo en conta os seguintes

ANTECEDENTES:

Vistas as solicitudes presentadas para concesión ou renovación de licenza de venda ambulante para o ano 2024, segundo a seguinte relación:

Vista a situación de retraso na renovación das licenzas de venda ambulante correspondente o 2024, derivada da situación de IT do traballador municipal encargado da xestión e



tramitación das mesmas.

Visto que as solicitudes de concesión de licenza de vendedores ambulantes para o ano 2024 non foron incluídas na relación sometida a aprobación pola XGL de data 13 de xuño do 2024.

Visto o establecido na Ordenanza fiscal B.1.2 ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA EXPEDICIÓN DE PLACAS E PATENTES, E DO USO DO ESCUDO MUNICIPAL, que no seu artigo 5.B establece a cota tributaria pola concesión de licenza; Licencias de vendedores ambulantes: 73,39 €

Visto o artigo 6.1 da mesma ordenanza fiscal no que establece “A obriga de contribuír nacerá dende o momento en que sexa outorgada a correspondente licenza, e **en todo caso dende que se executen actos ou actividades que constitúan feito impoñible**”.

Visto que a actividade de venda ambulante foi realizada durante o ano 2024 polos solicitantes.

Vista a proposta de resolución do Primeiro Tenente Alcalde e Concelleiro Delegado de Mercados e Servizos Sociais, Vicente Mariño de Bricio, relativa á aprobación de concesión e renovación das licenzas solicitadas para o ano 2024.

A XUNTA DE GOBERNO LOCAL, por unanimidade dos presentes, **ACORDA**:

1.- Aprobar o cambio de titularidad do posto nº 205, según solicitude de data 18/06/2024 con nº rexisto de entrada 15696, no que se solicita o cambio do actual titular Ismael Jimenez Santos 54224667N pase a nome de Vanesa Monteiro Santos Y5987314Z.

Aprobar a concesión e renovación das licenzas solicitadas para o ano 2024, que veñen exercendo a mesma actividade, e se proceda a liquidación da taxa correspondente dacordo do establecido na ordenanza fiscal polo importe de 73,39€ a cada titular, e inclusión no padrón segundo a seguinte relación:

DNI	NOME	POSTO	ACTIVIDADE
X0555577N	CABREIRA CAMACHO MONTEIRO MAIA DOMINGOS	215	CALZADO CONFECCION
X4242214W	CABREIRA MONTEIRO MAIA SARA	312	CALZADO CONFECCION
33300735R	CAMACHO JIMENEZ ENRIQUE	218 219	CALZADO CONFECCION
52458500P	DOS SANTOS DE LA CONCEPCION MICAELA	170	RESTO ACTIVIDADES
71121437D	ESCUDERO JIMENEZ RUBEN	261	CALZADO CONFECCION
11720640R	FERNANDEZ FERNANDEZ ENRIQUE	220	CALZADO CONFECCION
46293531M	FERNANDEZ FERRERUELA SAUL	270	CALZADO CONFECCION
33299879L	FERNANDEZ JIMENEZ FAUSTINO	307	CALZADO CONFECCION
33299347Q	FERNANDEZ JIMENEZ JOSE LUIS	207 A	CALZADO CONFECCION
45847549Q	FERNANDEZ JIMENEZ LUZ	202 201	CALZADO CONFECCION
44830140N	FERNANDEZ JIMENEZ MARIA MONTSERRAT	237	CALZADO CONFECCION
46097507X	FERNANDEZ SALAZAR JUANJOSE	BARANDA CASETA XUNTA	CALZADO CONFECCION
X7496266Z	FERREIRA VILELA LUIS	309	RESTO ACTIVIDADES
11959406G	FERRERUELA JIMENEZ MARTA	271	CALZADO CONFECCION



51270792C	FERRERUELA SALAZAR MARIA TRANSITO	176	CALZADO CONFECCION
46903046C	GABARRES MANZANO GREGORIO	148	CALZADO CONFECCION
35462700N	GIMENEZ BORJA BEATRIZ	183 184	CALZADO CONFECCION
35638675Z	GIMENEZ CAMACHO SHALIM	182 181	CALZADO CONFECCION
X4735158X	HMIMOU MINA	133	CALZADO CONFECCION
35676540K	JIMENEZ ESCUDERO RAFAEL	254	CALZADO CONFECCION
45957357E	JIMENEZ LOPEZ ANGEL	308	CALZADO CONFECCION
54227256H	JIMENEZ RIVERO ISRAEL	139 A	CALZADO CONFECCION
119^0098Q	JIMENEZ ROSILLO RAMON	253	CALZADO CONFECCION
54224667M	JIMENEZ SANTOS ISMAEL	205	RESTO ACTIVIDADES
44830534S	JIMENEZ SILVA ENCARNACION	252	CALZADO CONFECCION
44834853X	JIMENEZ SILVA EVA MARIA	217	CALZADO CONFECCION
X3782529H	LAMHADOUAL YASSINE	210 211	RESTO ACTIVIDADES
32751929K	LEON MONTOYA MARIA CARMEN	239	CALZADO CONFECCION
Y1618799G	LEYE CHEIKH	196	CALZADO CONFECCION
78155069B	LO DIOP TALLA	119	CALZADO CONFECCION
32674655G	LOPEZ GARCIA JOSE MANUEL	161	CALZADO CONFECCION
46096875E	LOUGZILI TALAA MOHAMED	137	CALZADO CONFECCION
Y5987314Z	MONTEIRO SANTOS VANESA (ALTA NOVA POR CAMBIO TITULAR)	205	CALZADO CONFECCION
X2256350G	MONTEIRO SIMOES MARIA LEONILDE	203 204	CALZADO CONFECCION
33ssgz57A	MONTOYA JIMENEZ DAVID	214	CALZADO CONFECCION
Y0906361Z	NDIAYE KHADIM	125	CALZADO CONFECCION
35447589N	PADIN LEIRO M ^a . CARMEN	36	ALIMENTACION
77400188J	PEREZ PINTOS OSCAR	223 224	CALZADO CONFECCION
508850991	QUINTEIRO & QUINTEIRO LDA	251	RESTO ACTIVIDADES
53111538F	QUIROGA FERNANDEZ ANA BELEN	225	CALZADO CONFECCION
332897JSK	ROSILLO GARCIA DIEGO	185 186	CALZADO CONFECCION
46294487H	ROSILLO HERNANDEZ DIEGO	238	CALZADO CONFECCION
45688938J	ROSILLO ROSILLO ANTONIA	301	CALZADO CONFECCION
70973687B	SALAZAR BERMUDEZ JOSE IGNACIO	305	CALZADO CONFECCION
33555271L	SALAZAR GABARRI SULAMITA	138	CALZADO CONFECCION
54547830H	SECK DIOP ELHADJI NOONGO	206	CALZADO CONFECCION
Y1065890S	THIERNO GUEYE MAME	306	CALZADO CONFECCION
52453103Q	TORRADO LORENZO LUIS	96	ALIMENTACION
X8134577Y	TOURE ELHAD JIMAGUETTE	116	RESTO ACTIVIDADES
33279170X	VAZQUEZ CASTAÑO MARIA BELEN	63 A	ALIMENTACION

41.- AUTORIZACIÓN PARA INSTALACIÓN TEMPORAL DUN POSTO DE VENDA AMBULANTE – Jorge González González

AUTORIZACIÓN PARA INSTALACIÓN TEMPORAL DUN POSTO DE VENDA AMBULANTE – Jorge González González



Visto o escrito presentado por **Jorge González González**, de data 06/05/2025 (Rexistro de entrada nº 10.421), no que solicita autorización para a instalación dun posto de venda ambulante (Remolque Churraría - 2,10 m. x 2,50 m.), desde o 26/06/2025 ata o 30/09/2025 (incluídos), en Corrubedo (situado no plano que achega coa solicitude).

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

- a) **Autorizar** a **Jorge González González** para a instalación dun posto de venda ambulante (Remolque Churraría - 2,10 m. x 2,50 m.), desde o 26/06/2025 ata o 30/09/2025 (incluídos), en Corrubedo (situado no plano que achega coa solicitude), que deberá estar situado fóra da zona de dominio de Portos de Galicia.
- b) **Antes do inicio da actividade deberá proceder ao pago das correspondentes taxas municipais.**
- c) Dar traslado deste acordo aos servizos económicos municipais (De ser o caso).
- d) Deberá poñerse en contacto coa Policía Local para coordinar a ubicación exacta do citado posto de venda ambulante.
- e) Notificar a presente resolución a todos os interesados, de conformidade co disposto na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

42.- SOLICITUDE AUTORIZACIÓN CELEBRACIÓN ANDAINA SOLIDARIA – Asociación Cultural As Dunas e Comunidade de Montes de Olveira

SOLICITUDE AUTORIZACIÓN CELEBRACIÓN ANDAINA SOLIDARIA – Asociación Cultural As Dunas e Comunidade de Montes de Olveira

Visto o escrito Presentado por José manuel martínez Suárez en representación da **Asociación Cultural As Dunas e Comunidade de Montes de Olveira**, de data 04/06/2025 (Rexistro de entrada nº 13.347), no que solicita autorización para a celebración dunha Andaina Solidaria para recaudar fondos para a loita contra o cancro, o día 08/06/2025 ás 18:00 h. desde o Colexio de Olveira cara ao Monte Tahume e volta; solicitando así mesmo a colaboración municipal coa presenza de Protección Civil para cruzar a Estrada Xeral.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

- Autorizar a celebración dunha Andaina Solidaria para recaudar fondos para a loita contra o cancro, o día 08/06/2025 ás 18:00 h. desde o Colexio de Olveira cara ao Monte Tahume e volta.
- Prestar a colaboración municipal coa presenza do GAEM para cruzar a Estrada Xeral.
- Dar traslado deste acordo á Policía Local para o seu coñecemento.

43.- SOLICITUDE AUTORIZACIÓN CELEBRACIÓN DAS FESTAS DA GUÍA NA PARROQUIA DE CARREIRA - Asociación Cultural A Guía

SOLICITUDE AUTORIZACIÓN CELEBRACIÓN DAS FESTAS DA GUÍA NA PARROQUIA DE CARREIRA - Asociación Cultural A Guía



Vista a proposta presentada polo Concelleiro delegado de Turismo, Festexos, Relacións Institucionais e Novas Tecnoloxías, Francisco Suárez-Puerta Colomer, de data 02/06/2025, relativa á solicitude de celebración das Festas da Guía na parroquia de Carreira, na que expón:

*“Con data 30 de maio de 2025, tivo entrada no Rexistro electrónico municipal (entrada sede electrónica 2025-12551) unha solicitude presentada por Astrid Dios Folgar, en representación da Asociación Cultural A Guía, na que se interesa a autorización para a celebración das Festas da Guía na parroquia de Carreira, os días **6, 7, 8 e 9 de xuño de 2025**, no Campo da Festa.*

A solicitude inclúe as seguintes peticións:

- 1. Autorización para a celebración das festas nos días indicados.**
- 2. Reforzo de contedores de residuos sólidos urbanos e servizo de limpeza diaria durante os días festivos.**
- 3. Subministración de sinais e valado para facilitar o acceso e saída do tren infantil o domingo, 8 de xuño.**
- 4. Solicitude de inchables municipais.**

A documentación achegada á área de Cultura e Festexos inclúe:

- CIF da entidade organizadora.
- Programación de actividades e cartel anunciador.
- Relación de necesidades lóxicas.
- Declaración responsable (pendente de sinatura).

*Lémbrese á entidade organizadora que, conforme á **Lei 10/2017, do 27 de decembro**, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, así como o **Decreto 226/2022**, e o resto de normativa vixente en materia de orde pública e seguridade cidadá, deberán cumprir coas seguintes obrigas:*

Obrigas da entidade organizadora

1. Seguros obrigatorios

- Dispor dunha **póliza de responsabilidade civil en vigor**, cos capitais mínimos establecidos polo **Decreto 226/2022**, do 22 de decembro.
- Presentar o **xustificante de pagamento** da póliza correspondente ao período da actividade.

2. Proxecto técnico e responsabilidade

- Presentar un **proxecto técnico asinado por persoa competente**, que inclúa:
 - Actividades previstas (concertos, bailes, etc.)
 - Aforos e horarios.
 - Descrición de carpas, escenarios e demais elementos estruturais.
- Acreditar quen asumirá a **responsabilidade técnica da execución**, mediante documento asinado.
- Presentar unha **certificación final de adecuación** emitida por esta persoa responsable.

3. Instalacións e atraccións

- Para cada estrutura ou posto (escenarios, barracas, atraccións...):
 - **Certificado técnico de montaxe.**
 - **Seguro específico de responsabilidade civil e xustificante de pagamento.**
 - **Taxas de ocupación de vía pública**, se corresponde.

4. Electricidade e xeradores

- Presentar **boletíns eléctricos** das instalacións temporais segundo a **Instrución 2/2018** da Dirección Xeral de Enerxía e Minas.
- En caso de usar **xerador**, achegar certificado de inspección industrial.

5. Actividades con lume ou risco de incendio

- Solicitar autorización para **fogos artificiais, foguetes, globos ou calquera artefacto con lume**, se se prevé o seu uso.
- Cumprir coa normativa sobre **prevención de incendios forestais**.
- **Asumir a responsabilidade polos danos** ou incendios que se poidan producir.

6. Dereitos de autor



- Xestionar e abonar á **SGAE** ou entidade correspondente os dereitos de autor polas actuacións musicais.

7. Inchables

- Concello de Ribeira **non dispón de inchables propios**. De querer incluílos, será responsabilidade da organización.

8. Outras autorizacións

- Obter calquera **autorización adicional doutras administracións públicas** ou entidades privadas, se fose necesaria.

Colaboración municipal prevista

O Concello de Ribeira, dentro das súas posibilidades e dispoñibilidade de medios, comprométese a:

- Autorizar a celebración das Festas da Guía no Campo da Festa da parroquia de Carreira.
- **Establecer un horario límite de actividade ata as 5:00 h** nas madrugadas do venres ao sábado e do sábado ao domingo.
- Prestar **apoio loxístico e operativo**, incluíndo:
 - **Reforzo de contedores e limpeza diaria.**
 - **Sinais de tráfico e valado temporal** para o acceso do tren infantil.

Lembranza final

A entidade organizadora é responsable do cumprimento **íntegro da normativa aplicable**, sendo susceptible de sancións ou suspensión de actividades no caso de incumprimento.”

A XUNTA DE GOBERNO LOCAL, por unanimidade dos presentes, adopta o seguinte ACORDO:

1. Autorizar a celebración das Festas da Guía na parroquia de Carreira, os días **6 ao 9 de xuño de 2025**, no Campo da Festa.
2. Establecer como **horario límite** das actividades as **5:00 h** da madrugada.
3. Prestar colaboración municipal en servizos de limpeza, contedores, sinais e valado, segundo dispoñibilidade.
4. Comunicar á entidade organizadora o conxunto das obrigas e requisitos legais expostos.
5. Dar traslado deste acordo aos departamentos que corresponda o seu coñecemento e concretamente á **Policía Local e GAEM**.

A Presidencia levanta a sesión sendo as 14:45 do mesmo día, estendéndose a presente acta da que, como secretario xeral, dou fe e certifico na data que consta na sinatura dixital que figura ao pé deste documento.

